

PRESENTACIÓN

Un ano máis xa temos entre nós un novo exemplar da nosa Revista eumesa de estudos Cátedra. Como cada ano na revista amósanse unha variedade de traballos, trece en total, nos que os seus autores/as intentan achegarnos a diferentes temáticas da nosa historia local. Son a estes/as profesionais aos que temos que agradecerlles ano tras ano o seu tempo adicado á investigación sobre a nosa vila e comarca.

Na presentación do ano pasado prometíamos que a revista podería ser consultada en Internet a través da páxina web do concello de Pontedeume (<http://catedra.pontedeume.es>), pois ben, isto hoxe é unha realidade. Tamén poden consultar nesta páxina os Premios de Investigación Concello de Pontedeume en temas etnográficos.

Animo dende esta páxina de Cátedra a todas aquelas persoas que queiran sumarse a esta importantísima iniciativa a colaborar enviando os seus traballos para os futuros números, que nos axuden a descubrir o noso pasado recente e antigo e, así, poder saber algo máis de nós.

Grazas e noraboa por todo.

Gabriel Torrente Piñeiro
Alcalde de Pontedeume